

A OPP-95 NOIA REFORZA O CONTROL DA TRAZABILIDADE AO ASUMIR A XESTIÓN DO CRIADEIRO E A DEPURADORA



A OPP-95 Noia vén de dar un paso decisivo para fortalecer a trazabilidade e o control integral do berberecho ao **asumir a xestión directa de dúas infraestruturas fundamentais**: o criadeiro de bivalvos e a depuradora. Un avance clave cara a unha xestión máis eficiente, sostible e totalmente documentada do produto máis emblemático da ría de Noia.

Esta comunicación forma parte do Plan de Marketing e comunicación 360 da OPP-95 Noia (PPYC24-25), co que **a organización quere informar de maneira clara e completa sobre como se garante a trazabilidade** do berberecho en todas as súas fases.

Transparencia dende a orixe

A transmisión do permiso de actividade e da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre do criadeiro —ata agora en mans da Cofradía— foi autorizada pola Consellería do Mar e publicada no DOG o 7 de outubro de 2025.

O criadeiro, situado na Estibada de A Marta (Outes), conta con máis de 6.700 m² de parcela, e ten autorización para producir diversas especies de bivalvos, incluído o berberecho (*Cerastoderma edule*). Con esta xestión directa, a OPP-95 controla a produción de semente autóctona, o que reforza a autenticidade do berberecho de

Noia, evita a entrada de exemplares doutras procedencias e **garante unha trazabilidade que comeza no seu primeiro estadio de vida**.

Deste modo, as persoas consumidoras poden coñecer con maior detalle a orixe do produto que chegan ás súas mesas, sabendo que procede de semente controlada pola propia OPP-95 Noia e producida baixo criterios de calidade e sostibilidade

A depuradora, tamén asumida pola OPP-95, permite que o berberecho pase por un proceso de depuración supervisado e rexistrado, esencial para asegurar frescura, seguridade alimentaria e o cumprimento dos tempos marcados pola normativa. Tamén facilita a venda directa ao consumidor con garantía de orixe.

Toda esta información sobre depuración, controis sanitarios e garantías de orixe intégrase na mensaxe que a OPP-95 Noia traslada aos mercados e ás persoas consumidoras, contribuíndo a que dispoñan de datos claros e verificables no momento da compra.

Trazabilidade en todo o ciclo

Co criadeiro e a depuradora baixo unha mesma xestión, a OPP-95 garante un percorrido totalmente documentado do berberecho. Este control integral reforza a transparencia e **incrementa a**

confianza do consumidor final no produto.

A análise DAFO e os estudos realizados no marco do Plan de marketing e comunicación 360 puxeron de manifesto que a trazabilidade e a información sobre a orixe son unha demanda crecente do consumidor. Por iso, a OPP-95 Noia dá un paso adicional ao comunicar estes avances de maneira sistemática a través deste boletín, newsletters e doutros medios, como ferramenta para mellorar o acceso a unha información completa sobre o berberecho de Noia.

A nova xestión permitirá acceder a financiamento, **mellorar procesos produtivos** e consolidar as accións de promoción da marca.

Co esforzo coordinado entre criadeiro, depuradora e control biolóxico, a OPP-95 sitúa o Berberecho de Noia como referente en calidade, trazabilidade e sostibilidade no sector marisqueiro galego.

Ao mesmo tempo, esta actuación de comunicación, incluída no PPYC24-25, reforza o compromiso da OPP-95 Noia coa OCM ao poñer á disposición do consumidor final información estruturada, clara e comprensible sobre como se garante a calidade e a trazabilidade do seu produto máis representativo.

TRANSPARENCIA E ORIXE NA FEIRA ETIQUETA NEGRA GOURMET

Do 8 ao 10 de novembro, a OPP-95 Noia participou na feira Etiqueta Negra Gourmet de Pontevedra co Berberecho de Noia, para dar a coñecer ao consumidor a súa calidade, orixe, trazabilidade e todo o traballo que hai detrás do selo que avala o mellor berberecho do mundo, reforzando así o acceso a unha información clara e completa sobre o produto pesqueiro.



A presenza cun stand propio permitiu explicar directamente aos visitantes como se extrae o berberecho, que o fai diferente e por que a súa trazabilidade e orixe garantida son claves para manter o prestixio da marca. Nas explicacións detallouse o sistema de etiquetado e seguimento, para que o consumidor poida identificar a procedencia do berberecho e comprobara que cumpre cos requisitos de trazabilidade esixidos pola OCM.

Ao longo dos tres días, moitas persoas achegáronse para coñecer de primeira man este proceso e degustar a tradicional empanada de croques, elaborada co berberecho na súa cuncha. As preguntas e inquiredanzas recollidas durante estas interaccións permiten á OPP-95 coñecer mellor as necesidades reais de información do consumidor e incorporalas á avaliación continua do seu Plan de Marketing e Comunicación 360.

Un dos momentos destacados foi o showcooking do chef Miguel Mosteiro, no que máis dun cento de asistentes puideron ver como o Berberecho de Noia pode protagonizar receitas modernas sen perder a esencia do produto. A sesión contou tamén coa colaboración de Fran Sotelino, e completouse cun maridaxe especial xunto á nova cervexa Rivera Reposada, de Hijos de Rivera. Estas actividades contribuíron a explicar, nun formato divulgativo, as características diferenciais do berberecho de Noia e a importancia de escoller produtos con orixe e trazabilidade garantidas.

Acción de comunicación dentro do Plan 360

A participación nesta feira reforza un dos obxectivos centrais da OPP-95: informar ao consumidor sobre o valor do berberecho, explicando de maneira clara a súa procedencia, o sistema de trazabilidade e o modelo artesanal e sostible que o fai único. Cando o consumidor entende este proceso, aumenta a súa confianza, o interese polo produto e o recoñecemento ao traballo das mariscadoras e mariscadores.

Esta acción encádrase expresamente na medida "Plan de marketing e comunicación 360 de OPP Noia", como acción de comunicación e información ao consumidor. A súa realización materializa as necesidades detectadas no análise DAFO e contribúe tanto á avaliación das necesidades en materia de comunicación como á posta en marcha de accións concretas cara o consumidor final.

Esta acción enmárcase no Plan de Producción e Comercialización 2024-2025 da OPP-95 Noia, cofinanciado polo FEMPA e pola Xunta de Galicia, e forma parte dunha estratexia máis ampla para seguir promovendo a marca e poñer en valor a orixe e a calidade do berberecho de Noia, dando cumprimento ao obxectivo da OCM de contribuír á trazabilidade dos produtos da pesca e ao acceso dos consumidores a información clara e completa.

Este boletín está cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea no marco do PPYC24-25 na medida Plan de marketing e comunicación 360, e está orientado a poñer en valor o Berberecho de Noia nos mercados e ante os consumidores, e responde aos obxectivos da OCM de avaliar as necesidades de comunicación e de desenvolver accións concretas de información aos consumidores sobre produtos pesqueiros de alta calidade, perfectamente trazables e procedentes dunha xestión sostible